

# 1945

[Ferenc Török, 2017]

# 356

ESTREA EN NUMAX: 16.03.2018 | V.O.S.E. | +12

1945 (2017, 91')

**Dirección:** Ferenc Török

**Guión:** Gábor T. Szántó, Ferenc Török (Novela: *Homecoming*)

**Elenco:** Péter Rudolf, Tamás Szabó Kimmel, Dóra Sztarenki, Bence Tasnádi, Ági Szirtes, József Szarvas, Eszter Nagy-Kálózy, Iván Angelus

**Son:** Tamás Zányi

**Montaxe:** Béla Barsi

**Vestuario:** Sosa Juristovszky

**Dirección de arte:** Dorka Kiss

**Música:** Tibor Szemző

**Fotografía:** Elemér Ragályi

**Produtoras:** Katapult Film (Hungria)

**Distribuidora:** Festival Films

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.00:1

**Idioma orixinal:** Húngaro

## FILMOGRAFÍA

*Isztambul*, 2011

*Overnight*, 2007

*Moscow Square*, 2001

## PREMIOS E FESTIVAIS

Xerusalem 2017 (Mellor filme),

San Francisco 2017 (Premio da Crítica,

Premio do Público), Berlinale 2017

(Sección Oficial), Ghent 2017

(Sección oficial)

## SINOPSE

Un abafante día de agosto de 1945, os habitantes dun pobo prepáranse para a voda do fillo dun funcionario municipal. Mentres, dous xudeus ortodoxos chegan á estación de tren portando dúas misteriosas caixas. O funcionario teme que os homes sexan fillos dos xudeus que foron deportados, que veñen reclamar as propiedades que agora teñen eles de maneira ilegal, perdidas polos seus donos durante a 2ª Guerra Mundial.

«Sinxelo, poderoso, feito con convición e habilidade»

Kenneth Turan, LOS ANGELES TIMES



## “1945 trata un momento da historia que nunca se plasmou desde esta perspectiva”

Entrevista con Ferenk Török

### O filme está ambientado en 1945, nun pequeno pobo situado nunha ladeira.

**Como decidiches o tema?** Levo dez anos interesándome por este tema, desde que lin o relato de Gábor T. Szántó. Interesábame moito o momento posterior á guerra e xusto antes da introdución do nacionalismo e o comunismo, cando, por un momento, houbo indicios dunha posíbel transición democrática. As cousas poderían ter mudado a mellor. O fascismo remataría pero o comunismo aínda non tiña comezado, tentamos plasmar a atmosfera destes poucos anos no filme.

Este período da historia de Hungría non se presentou moito nin na literatura nin no cinema. No seu lugar, a xente céntrase na Segunda Guerra Mundial en si mesma ou na ditadura dos anos 50, con eses poucos anos de por medio. Quería presentar un cadro social que retratase a vida en Hungría xusto despois da guerra.

**Como xurdiu o guión?** A obra orixinal de Gábor T. Szántó é unha novela curta de dez páxinas. Primeiro desenvolvemos xuntos unha dramaturxia similar ás das traxedias gregas, construídas sobre

as unidades de acción, tempo e lugar, creamos novos personaxes e reforzamos a dramaturxia con diálogos mordaces. Así, cos anos, o texto converteuse nun guión. O que máis me gusta da novela é como a trama, en pouco tempo, tres ou catro horas, presenta de forma conmovedora situacións nas que non hai diálogo, algo que sen dúbida, quería conservar.

### Os autores adoitan estar directamente relacionados cos temas que tratan.

**Cal é a túa historia?** É un momento moi tráxico da historia coa que todos estamos conectados dunha forma ou outra. Porén, a min non me motivou ningunha historia persoal ou familiar. É ficción, a diferenza de *Moscow Square* (2001). Se tivera que dicir algo sobre a miña conexión co filme sería o que me transmitiu. A novela curta de Szántó presentaba un punto de vista completamente diferente a todo o que lera anteriormente sobre a situación histórica do momento. Penso na motivación dos novos comezos, en como a sociedade debe superar os traumas, empezar de cero, afrontar o pasado e emprender unha nova vida.

**Poderías contarnos algo sobre a rodaxe?** Tivemos un reparto fantástico e a rodaxe foi moi tranquila. Era a primeira vez que traballaba con Elemér Ragályi, o cámara, a quen respecto profundamente. Coñezoo persoalmente desde hai un tempo e considéroo o meu mentor. Pedinlle que traballase no filme, entre outras cousas, porque o viviu en primeira persoa cando tiña cinco anos

e vivía nun pequeno pobo. Este é o tipo de motivación persoal da que falaba antes, para el é real. Non só lembra como adoitaban ser os balóns de fútbol, senón que tamén recorda como era a atmosfera na que se vivía na Hungría rural. Fala dese verán, cando rematou a guerra. Ensinounos como foi a liberación e mesmo celebrámola todos os anos o catro de abril.

### Como pode conectar a xente nova de 15 ou 20 anos con este tema a través do filme? Que clase de recibimento agardas que lle dean?

Sempre digo que temos que confiar na xuventude. *1945* non xira arredor dos adolescentes senón que se dirixe fundamentalmente a unha audiencia máis madura e cun pensamento máis amplo. Pode que eles sintan máis empatía cara á película. Por outro lado, coído que no meu filme ha ser máis doado entender a situación histórica do momento que nos gordos libros de texto. É un drama que enfronta o público a situacións da vida real. Convidáronnos a varios festivais, agardo que iso atraia a moita xente e que a todos os emocione. Confío no espectador húngaro pero tamén en que o público internacional sexa suficientemente maduro para a interpretación crítica desa época. Trátase dun momento da historia nunca se plasmou desde esta perspectiva.

Publicado en [festival-films.com/](http://festival-films.com/)  
 Tradución: Xan Gómez Viñas

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
 Concepción Arenal, 9 baixo  
 15702 Santiago de Compostela  
 TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)



**Abónate e ven sempre por 4,5€**

**Faite NUMAX!**